

Proxecto de Decreto polo que se regula o funcionamento e rexistro das entidades colaboradoras en materia da formación agraria e da protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos e a expedición das acreditacións

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (en adiante, a Axencia), configura a Axencia con personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios e autonomía na súa xestión. A norma atribúelle a competencia para programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal; coordinar os centros de formación e experimentación agraria; e coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

O Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o regulamento de capacitación agraria, define as condicións polas que as persoas agricultoras mozas poden acceder á formación que as cualifique para o exercicio da actividade agraria. En particular, o decreto prevé o recoñecemento e rexistro de entidades colaboradoras, públicas ou privadas, que presten servizo en materia de formación e capacitación agraria, impartindo cursos homologados pola consellería competente en materia agraria.

A Orde do 17 de marzo de 2009, pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización das actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública, desenvolve a normativa prevista no Decreto 247/2000 para todas as actividades.

Exceptúase desa regulación a formación en materia de benestar animal, regulada polo Decreto 60/2007, do 22 de marzo, que regula os cursos de formación en materia de benestar animal, establece o procedemento de autorización das entidades de formación e crea o rexistro destas; a formación dirixida ao persoal dos centros de cría, subministradores/as e usuarios/as de animais de experimentación, regulados polo Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos,

incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación; a regulada polo Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, que establece as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, e pola Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia; e a formación en materia de capacitación de manipuladores-aplicadores de produtos fitosanitarios, regulada pola Orde conxunta, do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade que regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios.

O Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o seu rexistro, define as condicións específicas da formación en materia de benestar animal, de aplicación en persoas condutoras e coidadoras de vehículos de estrada de transporte de animais vivos, persoal das granxas, matadoiros, centros de concentración e outro tipo de persoal afectado por esixencias legais. A disposición derradeira primeira autoriza á persoa titular da consellería competente en materia agraria a ditar actos de desenvolvemento do decreto e, en particular, a modificar os programas dos módulos para adaptalos as necesidades formativas.

O Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, establece determinados requisitos para a formación das persoas usuarias profesionais e vendedoras de produtos fitosanitarios, **que deberán estar** en posesión dun carné que acredite coñecementos apropiados para exercer a súa actividade, segundo os niveis de capacitación establecidos e as materias especificadas para cada nivel. Así mesmo, regula as bases para que os órganos competentes das comunidades autónomas adopten as medidas necesarias para que as persoas usuarias profesionais poidan ter acceso á formación para adquirir o tipo de capacitación requirida, así como a súa actualización periódica.

A Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das Consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios, establece os niveis de capacitación dos que deben dispor as

persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios e asigna as competencias formativas á Consellería do Medio Rural. Porén, permite que os cursos de nivel básico, previamente autorizados, poidan ser organizados por entidades colaboradoras inscritas no rexistro previsto no Decreto 247/2000. A disposición derradeira primeira da orde habilita ao director da unidade competente para o seu desenvolvemento.

Por fin, o Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación, prescribe que poderán impartir formación para as categorías A e B, ademais dos centros do sistema universitario de Galicia e os centros oficiais que imparten formación profesional regrada da rama agraria, química ou sanitaria, as entidades autorizadas para impartir formación en materia de benestar animal debidamente rexistradas, de acordo co disposto no Decreto 60/2007, do 22 de marzo.

Con esta base normativa, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, exerce a súa competencia sobre catro áreas de interese susceptibles de contar coa participación de entidades colaboradoras: incorporación á actividade agraria, benestar animal, aplicación e manipulación de fitosanitarios, e outras accións formativas en materia agraria (actualización profesional, formación continua e transferencia tecnolóxica e requisitos legais). En todos os casos, as entidades que pretenden facilitar a formación teñen que estar rexistradas, con carácter xeral, no rexistro previsto no Decreto 247/2000 ou, no caso das accións formativas en materia de benestar animal, no rexistro previsto no Decreto 60/2007.

En cada unha destas áreas a competencia alcanza ao recoñecemento, inscrición e mantemento nos rexistros, homologación das especialidades formativas, inicio dos cursos e expedición dos correspondentes certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais. Cada xestión responde a procedementos distintos, e cómpre a súa homoxeneización. Por outra parte, a constante evolución nos requisitos legais e tecnolóxicos esixe unha actualización, tanto dos módulos formativos como das canles de formación, prestando a debida atención aos sistemas *on line*.

Así, a prol dun principio de simplicidade, cómpre actualizar e unificar a previsión normativa respecto aos procedementos de xestión das actividades formativas realizadas coa participación das entidades colaboradoras.

O decreto estrutúrase en sete títulos, cento nove artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, tres disposicións derradeiras, unha disposición derogatoria e XX anexos.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia as persoas interesadas e a publicación do texto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude, por proposta da conselleira do Medio Rural, de acordo co Consello Consultivo/oído o Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día -----,

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto:

- a) Crear o rexistro de entidades que, en colaboración coa consellería competente en materia agraria, impartan cursos relacionados coas especialidades formativas sinaladas no artigo 5.
- b) Regular o procedemento de recoñecemento como entidade colaboradora coa consellería competente en materia agraria, para impartir cursos vinculados ás especialidades formativas reguladas neste decreto.
- c) Regular o procedemento de homologación das especialidades-formativas e da súas modalidades de impartición.

d) Regular a execución dos cursos de formación así como a obtención dos certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais derivados da realización dun curso.

e) Regular a expedición ou renovación de carnés, certificados ou acreditacións cando a persoa solicitante cumpra os requisitos esixidos neste decreto para a súa emisión directa.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. As disposicións deste decreto serán de aplicación á formación agraria e de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos incluídas no Programa Formativo, descrito no artigo 7, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Exclúese do ámbito de aplicación deste decreto a formación regrada.

Artigo 3. Definicións

Para os efectos deste decreto enténdese como:

a) Acreditación e/ou certificado: documento que constata a condición dunha persoa e a súa facultade para desempeñar unha determinada actividade.

b) Aula virtual: modalidade formativa que se realiza a través da internet, onde o equipo docente e o alumnado interactúan de xeito concorrente e en tempo real, debido a que a comunicación que permite o entorno é síncrona e está deseñada para favorecer o intercambio de coñecementos cunha experiencia similar á que se tería nun espazo físico.

c) Autoridade competente: ente, autoridade ou unidade administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuídas responsabilidades e competencias en cada unha das materias reguladas neste decreto.

d) Carné profesional: documento que acredita que unha persoa adquiriu os coñecementos apropiados para exercer unha determinada actividade profesional.

e) Certificado de capacitación en experimentación animal: documento expedido pola autoridade competente que certifica que a persoa posúe os coñecementos e destrezas necesarios para desempeñar de maneira autónoma algunha das funcións propias do persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, e que veñen descritas na normativa estatal aplicable.

f) Curso: cada unha das edicións vinculadas a unha especialidade formativa previamente homologada, impartida por unha entidade colaboradora, que permite a adquisición dos resultados de aprendizaxe vinculados á dita especialidade.

g) Curso ponte: cada unha das edicións vinculadas a unha especialidade formativa previamente homologada, impartida por unha entidade colaboradora que permite acceder a un novo nivel de capacitación partindo doutro diferente sen necesidade de realizar o curso completo desde o inicio.

h) Documentos orixinais en formato electrónico: aqueles documentos que conteñan un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a súa autenticidade mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor (cve, csv ou similar). Do mesmo xeito, serán recoñecidos como documentos orixinais aqueles que dispoñan dunha sinatura dixital que permita verificar a autenticidade da orixe da información así como verificar que a dita información non foi modificada desde a súa xeración.

i) Entidades colaboradoras: considéranse entidades colaboradoras:

i.1 As entidades públicas instrumentais, os órganos e unidades administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes ou adscritas á consellería con competencias en materia agraria.

i.2 As entidades públicas distintas das previstas na letra i.1 ou privadas, dotadas de personalidade xurídica e conten co recoñecemento para impartir algunha das especialidades formativas incluídas neste decreto.

j) Especialidade formativa: agrupación de contidos relacionados cunha materia específica dirixidos á adquisición de competencias necesarias para o desempeño da actividade profesional. As súas particularidades se concretan no Programa formativo.

k) Formación complementaria ou continua: formación que permite actualizar ou completar coñecementos adquiridos inicialmente posibilitando, de ser o caso, a renovación ou mantemento dunha determinada capacitación.

l) Formación habilitante: é aquela formación que proporciona as competencias que esixe a normativa para exercer unha actividade profesional nun sector determinado, que se valida mediante a expedición dun certificado, acreditación ou carné profesional por parte da administración correspondente.

- m) Formación presencial: modalidade formativa que require a presenza física e conxunta no lugar onde se imparte a docencia, durante toda a duración da actividade, do alumnado e do profesorado.
- n) Guía didáctica do curso: documento elaborado pola entidade colaboradora destinada a orientar ao estudante no momento de iniciar un curso, trasladando información relacionada coa planificación, metodoloxía de aprendizaxe, instrumentos de xestión e participación, funcionamento, se é o caso, da plataforma dixital de formación, datas e horas de titorías, entre outras materias.
- o) Homologación: procedemento administrativo polo que se autoriza a unha entidade colaboradora a impartir unha determinada especialidade formativa.
- p) Manual técnico de contidos: documento onde se desenvolven os contidos básicos da especialidade formativa que se pretenda homologar.
- q) Modificación da homologación: procedemento administrativo polo que a autoridade competente outorga a continuidade da homologación dunha especialidade formativa, orixinado pola modificación do Programa formativo.
- r) Persoa coordinadora do curso: persoa responsable do desenvolvemento efectivo do curso e do cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe conforme ao Programa formativo, así como da coordinación coa administración no que respecta ao desenvolvemento do curso.
- s) Persoa usuaria profesional: calquera persoa que use produtos fitosanitarios no exercicio da súa actividade profesional, incluídas as persoas operadoras, técnicas, empresarias ou traballadoras autónomas, tanto no sector agrario como noutros sectores.
- t) Plan de formación: documento elaborado pola entidade colaboradora para homologar unha determinada especialidade formativa, que estará integrada polo Manual técnico de contidos e pola Guía didáctica tipo a empregar no desenvolvemento dos cursos, debendo basearse o citado Manual no Programa formativo.
- u) Mantemento da capacitación en experimentación animal: procedemento mediante o que se da continuidade ao recoñecemento da capacitación, logo da demostración por parte da persoa interesada da realización de actividades de formación continua durante a vixencia da dita capacitación.
- v) Recoñecemento como entidade colaboradora: procedemento administrativo mediante o que se outorga a determinadas entidades a capacidade para impartir

as especialidades formativas previstas neste decreto.

w) Renovación de carnés profesionais, acreditacións e/ou certificados: procedemento administrativo polo que unha persoa solicita o seu mantemento logo de realizar, de ser o caso, as actividades de formación complementaria que sexan esixibles.

x) Traballo baixo supervisión en experimentación animal (TBS): desenvolvemento das funcións nun entorno real de traballo baixo o seguimento e control dunha persoa profesional, que deberá estar en posesión da capacitación na función e no grupo de especies que supervise e ser competente na tarefa a supervisar.

y) Teleformación: modalidade formativa que se realiza a través da internet e que non está suxeita nin a horario nin a un lugar concreto.

Artigo 4. Órgano competente na tramitación e resolución dos procedementos

A competencia sobre os procedementos regulados neste decreto corresponderá á Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

Artigo 5. Especialidades formativas

1. As especialidades formativas que poderán ser impartidas polas entidades colaboradoras recoñecidas, previa homologación destas especialidades, deberán estar incluídas de xeito expreso no Programa formativo que regula o artigo 7.

2. As materias sobre as que versarán as especialidades formativas son as seguintes:

a) As vinculadas á formación en materia de agricultura, gandería, industria agroalimentaria, silvicultura e as súas familias. Dentro destas encádranse as seguintes:

1ª Ensinanzas asociadas ao proceso de Incorporación á Empresa Agraria: formación modular, sen prexuízo de poder ofertarse de forma completa, co fin de favorecer a acreditación parcial acumulable da formación recibida e posibilitar ao alumnado que avance no seu itinerario de formación continua agraria, segundo a súa dispoñibilidade en cada momento.

2ª Ensinanzas de actualización e perfeccionamento profesional do sector agroforestal.

3ª Outras accións formativas para a cualificación profesional das persoas en materia de agricultura, gandería, industria agroalimentaria, silvicultura e as súas

familias, para o desenvolvemento rural e forestal.

4ª Formación esixible de acordo coa normativa específica que a regula, o que inclúe:

- i. Capacitación de persoas tomadoras de mostras de leite cru nas explotacións.
 - ii. Capacitación das persoas que manipulan e aplican produtos fitosanitarios.
 - iii. Capacitación en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras.
 - iv. Capacitación en materia de benestar animal para persoas condutoras e coidadoras de vehículos de estrada de transporte de animais vivos.
 - v. Capacitación do persoal que traballe con gando porcino.
 - vi. Capacitación do persoal que traballe con gando avícola.
 - vii. Capacitación do persoal que traballe con gando bovino.
 - viii. Outras ensinanzas que poidan ser exixibles pola normativa reguladora en materia agrícola, gandeira, da industria agroalimentaria, a silvicultura e as súas familias.
- b) Materias relacionadas coa capacitación do persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia. Encádranse dentro destas materias, a formación esixible de acordo coa normativa específica:
- 1º) Capacitación na Función "a": Coidado dos animais.
 - 2º) Capacitación na Función "b": Eutanasia dos animais.
 - 3º) Capacitación na Función "c": Realización dos procedementos.
 - 4º) Capacitación na Función "d": Deseño dos proxectos e procedementos.
 - 5º) Capacitación na Función "e": Asumir a responsabilidade da supervisión *in situ* do benestar e coidados dos animais.
 - 6º) Capacitación na Función "f": Asumir a responsabilidade de veterinario designado.
 - 7º) Outras ensinanzas que poidan ser exixibles pola normativa reguladora en

materia de protección de animais de experimentación.

Artigo 6. *Modalidades de impartición das especialidades formativas*

As especialidades formativas reguladas neste decreto poderán impartirse en todas ou nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Presencial.
- b) Teleformación.
- c) Aula virtual.

Artigo 7. *Programa formativo*

1. O Programa formativo é o documento no que se concreta a estrutura e contido mínimo, a duración, a distribución de horas presenciais e non presenciais, a asistencia mínima, os requisitos esixibles ao profesorado e demais cuestións relativas ás ensinanzas vinculadas a unha especialidade formativa.

2. O Programa formativo para as distintas ensinanzas vinculadas a cada unha das especialidades formativas sinaladas no artigo 5, así como as súas modificacións, aprobarase mediante resolución da persoa titular da Dirección de Agacal.

3. O Programa formativo establecerá como mínimo o previsto na normativa que o regula para cada especialidade formativa e modalidade de impartición e, en todo caso, o seguinte:

- a) A estrutura e contido.
- b) A duración total e, de ser o caso, para cada módulo.
- c) A distribución temporal dos contidos teórico-prácticos.
- d) O establecemento das horas presenciais e non presenciais, segundo a modalidade docente.
- e) A cualificación esixible á persoa coordinadora e ao persoal docente.
- f) A porcentaxe de asistencia mínima requirida ás persoas participantes.
- g) Os criterios específicos das probas de aptitude.
- h) A ligazón de descarga dos Manuais técnicos de cada especialidade formativa. A publicación dos manuais técnicos de desenvolvemento dos contidos

mínimos que deberá abranger a formación asociada a cada especialidade formativa realizarase de forma gradual na páxina web de Agacal.

i) Outras cuestións de interese relativas ás ensinanzas vinculadas a unha especialidade formativa.

4. O Programa formativo recollerá ademais, os requisitos do TBS, o conxunto de actividades de formación continua a realizar polo persoal que manexa animais con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, para manter as diferentes capacitacións previamente recoñecidas. Igualmente, establecerá os criterios específicos a aplicar na valoración da formación continua axustándose, en todo momento, á normativa que os regule. En concreto o programa incluírá:

- a) A tipoloxía de accións de formación continua admitidas.
- b) As materias sobre as que deben versar as accións anteditas.
- c) O cómputo máximo de horas a xustificar con cada unha das tipoloxías.
- d) As formas de acreditación e xustificación admitidas.

5. O Programa formativo actualizarase de xeito periódico, incorporando novas ensinanzas ou modificando as existentes, para lograr a súa adaptación ás necesidades de capacitación profesional. As actualizacións e modificacións sinaladas notificaranse ás entidades recoñecidas como colaboradoras.

6. A resolución de aprobación do Programa formativo e as súas modificacións e actualizacións publicaranse na páxina web de Agacal (www.Agacal.xunta.gal) e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8. Recoñecemento como entidade colaboradora

1. As entidades públicas instrumentais, os órganos e unidades administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes ou adscritas á consellería con competencias en materia agraria teñen a consideración de entidades colaboradoras sen necesidade de recoñecemento expreso. As ditas entidades colaboradoras serán inscritas como tales no rexistro de entidades colaboradoras.

2. As entidades públicas distintas das previstas no número anterior ou privadas, dotadas de personalidade xurídica que pretendan impartir cursos vinculados ás especialidades formativas incluídas neste decreto, deberán solicitar previamente o recoñecemento como entidade colaboradora. O recoñecemento como entidade

colaboradora determinará a inscrición de oficio no rexistro de entidades colaboradoras.

Artigo 9. Homologación de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición

1. As entidades colaboradoras que pretendan impartir cursos vinculados a especialidades formativas, deberán solicitar a homologación da especialidade formación de xeito previo á execución dos ditos cursos, con indicación da modalidade de impartición escollida

2. Están exentos desta obriga as entidades colaboradoras reguladas no número 1 do artigo 8. Non obstante, estas entidades deberán cumprir coas esixencias estipuladas no Programa formativo descrito no artigo 7, con especial atención á cualificación do persoal docente e contidos teórico-prácticos da especialidade que corresponda.

Artigo 10. Condicións particulares da execución de cursos

A execución dun curso atenderá ás seguintes condicións particulares:

a) O número de persoas participantes no curso non poderá ser inferior a 5 nin superar as 30.

b) No caso de ser esixible unha proba de aptitude porque o estableza o Programa formativo, a persoa titular da dirección de Agacal proporcionará ás entidades colaboradoras distintas alternativas de datas e lugares para a realización das ditas probas.

Na avaliación destas probas teranse en conta tanto os coñecementos adquiridos durante a fase teórica, como as destrezas e coñecementos adquiridos durante a fase práctica de cada curso.

Só terán dereito á realización da proba de aptitude as persoas participantes que cumpran a porcentaxe de horas obrigatorias, segundo o Programa formativo establecido para cada especialidade.

c) Unha vez rematado o curso, as entidades colaboradoras deberán solicitar a persoa titular da Dirección de Agacal a avaliación da súa execución.

Artigo 11. Expedición e renovación de certificados, acreditacións, diplomas e carnés, cando a persoa solicitante cumpra os requisitos esixidos para a súa emisión

1. Unha vez finalizado o curso e realizada a avaliación da súa execución, sinalada no artigo anterior, a persoa titular da Dirección de Agacal emitirá os certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais que correspondan en cada caso.

2. As persoas que estean en condicións de obter directamente o certificado, acreditación, diploma ou carné profesional ou a súa renovación por atoparse nalgunha das circunstancias sinaladas ao efecto no Título VII, poderán presentar a súa solicitude ante o órgano competente.

TÍTULO II

Entidades colaboradoras

CAPÍTULO I

Disposicións xerais das entidades colaboradoras

Artigo 12. Natureza xurídica

Teñen consideración de entidade colaboradora ou poden solicitar o seu recoñecemento os organismos e entidades públicas ou as entidades privadas, con personalidade xurídica que teñan capacidade para impartir algunha das especialidades formativas incluídas no artigo 5.

Artigo 13. Especialidades formativas que poden impartir as entidades colaboradoras

1. As entidades colaboradoras previstas no número 1 do artigo 8 poderán impartir calquera das especialidades formativas incluídas neste decreto.

2. As entidades colaboradoras previstas no número 2 do artigo 8 poderán impartir as seguintes especialidades formativas, sempre que o seu desenvolvemento se realice de conformidade co Programa formativo que regula o artigo 7:

a) As especialidades vinculadas á formación en materia de agricultura, gandería, industria agroalimentaria, silvicultura e as súas familias, para o desenvolvemento rural e forestal.

b) As especialidades formativas destinadas á capacitación nas funcións "a", "b" e "c" do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.

c) As especialidades formativas destinadas á capacitación nas funcións "d", "e" e "f" do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, sempre que se trate de entidades públicas instrumentais, órganos e unidades administrativas dependentes ou adscritas ás administracións públicas, ou os centros que conforman o sistema universitario de Galicia.

Artigo 14. Facultades das entidades colaboradoras

Constitúen facultades das entidades colaboradoras as que seguen:

a) Solicitar a homologación das especialidades formativas e da súa modalidade de impartición e a solicitar a súa modificación.

b) Impartir cursos vinculados a especialidades formativas previamente homologadas.

c) Solicitar que quede sen efecto a homologación nalguna das especialidades formativas e das modalidades de impartición nas que estean inscritas.

d) Solicitar ante o órgano competente a avaliación da execución dun curso para que este determine se a súa execución se realizou de conformidade co establecido neste decreto e, en consecuencia, expida os certificados, acreditacións ou carnés que procedan en cada caso.

CAPÍTULO II

Requisitos das entidades colaboradoras para obter o recoñecemento

Artigo 15. Requisitos para obter o recoñecemento como entidade colaboradora

As entidades que soliciten o recoñecemento como entidade colaboradora e conseguinte inscrición no rexistro, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituída e ter personalidade xurídica propia conforme á lexislación aplicable á entidade docente.

b) Figurar entre os fins ou obxectivos dos seus Estatutos, documento oficial de

constitución, ou normativa reguladora do seu funcionamento a actividade investigadora e/ou formadora nalgunha das seguintes materias, segundo cal sexa a formación que vaian a impartir:

1º Na agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria, a silvicultura e as súas familias, para o desenvolvemento rural ou forestal

2º Nos ámbitos nos que se utilicen animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

c) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma de Galicia, ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social, de ser o caso.

CAPÍTULO III

Requisitos das entidades colaboradoras para obter a homologación de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición

Artigo 16. Requisitos para obter a homologación de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición

As entidades que soliciten a homologación nunha determinada especialidade formativa e modalidade de impartición, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar recoñecida e inscrita no rexistro de entidades colaboradoras no momento de realizar a solicitude de homologación.

b) Designar e manter durante todo o período en que estea homologada, tanto a especialidade formativa, como a súa modalidade de impartición, unha persoa coordinadora que cumpra co requirimento que establece o número 1 do artigo 18.

c) Desenvolver os cursos conforme ao Plan de formación da entidade, que recollerá as esixencias establecidas no Programa formativo sinalado no artigo 7 para cada especialidade formativa.

d) Impartir as sesións presenciais en instalacións e/ou parcelas que reúnan e manteñan en todo momento as condicións que regula o artigo 60, cos medios e materiais descritos nese mesmo artigo.

e) Dispoñer, durante toda a duración do curso, dunha plataforma dixital coas características que regula o artigo 19, para o desenvolvemento de accións

formativas nas modalidades de teleformación e de aula virtual.

Artigo 17. Plan de formación das entidades colaboradoras

1. O Plan de formación deberá incluír información específica sobre a especialidade formativa para a que a entidade colaboradora solicita a homologación.
2. O dito plan axustarase aos requirimentos de estrutura, contido mínimo, duración, asistencia mínima, cualificación do persoal docente e demais cuestións relativas ás ditas ensinanzas, establecidos no Programa formativo sinalado no artigo 7.
3. O Plan de formación deberá incorporar:
 - a) A especialidade formativa a homologar
 - b) Modalidade de impartición.
 - c) O Manual técnico.
 - d) A Guía didáctica, que será entregada ás persoas asistentes. Este documento estará baseado no modelo que a administración porá a disposición das entidades colaboradoras.
 - e) A URL onde se aloxa a plataforma dixital e os contidos desenvolvidos, así como o usuario e contrasinal de acceso á ela para proceder a súa revisión, cando a modalidade escollida sexa a de teleformación ou aula virtual.
4. A presentación do manual técnico ao que se refire a letra c) do número anterior será esixible mentres o órgano competente non publique manuais técnicos propios que desenvolvan os contidos mínimos que debe incluír cada especialidade formativa. Unha vez publicados estes manuais, as entidades que soliciten a homologación deberán axustarse aos contidos establecidos neles.

Artigo 18. Persoa coordinadora da especialidade formativa

1. A entidade colaboradora deberá designar unha persoa coordinadora para cada especialidade formativa e modalidade de impartición, que deberá contar coa titulación académica que reflicta para cada especialidade o Programa formativo.
2. A persoa designada encargarse da coordinación coa administración do desenvolvemento do curso, debendo estar localizable durante as horas da súa

impartición. A persoa coordinadora será responsable das seguintes actividades:

a) A planificación e organización do curso, da xestión de recursos e da comunicación e coordinación co equipo docente.

b) A xestión do seguimento do progreso dos estudantes. En concreto, encargarse da recompilación e a análise de datos, así como a elaboración e cumprimentación dos documentos necesarios para a tramitación do procedemento. A persoa coordinadora será a responsable da veracidade dos datos consignados nas follas resumo de asistencias e/ou no rexistro de conexións do alumnado ás plataformas dixitais, así como da relación do alumnado que indique que cumpre coa porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada especialidade formativa.

Artigo 19. *Instalacións virtuais*

1. As entidades que desexen impartir un curso nas modalidades de teleformación ou aula virtual deberán dispoñer dunha plataforma dixital de aprendizaxe que asegure a xestión e o seguimento das persoas participantes, de acordo con as especificacións técnicas mínimas recollidas a continuación:

a) Un servidor con capacidade suficiente para permitir o acceso simultáneo de todas as persoas usuarias previstas que garanta un ancho de banda da plataforma que se manteña uniforme, que permita en todo momento a existencia de conectividade sincronizada entre as persoas formadoras e o alumnado, así como a bidireccionalidade nas comunicacións.

b) Sistemas de comunicación síncronas, como os chats, e asíncronas, como os foros e mensaxería, e ferramentas de control da participación obrigatoria do alumnado.

c) Área de xestión de contidos, onde se desenvolva o temario do curso, de acordo co Plan de formación da entidade previamente validado conforme ás esixencias establecidas no Programa formativo sinalado no artigo 7, que permita:

1º A publicación de recursos e/ou información.

2º O emprego de auto-avaliacións intermedias.

3º A formulación de actividades de colaboración: debates e foros de dúbidas.

4º O seguimento do proceso: consulta de estatísticas e táboas do progreso, formulación de enquisas/consultas, xestión de titorías ou outros eventos.

d) Sistemas de xestión que permitan un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado: control continuo, mediante o rexistro da asistencia (que permita coñecer o número de accesos e o momento en que se producen), as achegas (coñecer o grao de participación do alumnado) e os coñecementos (avaliación continua).

e) Sistemas de seguridade cos perfís específicos de usuaria de control e seguimento para facilitar o acceso aos servizos de control oficial, que permitan realizar o seguimento das accións formativas nos termos especificados, debéndose comunicar os ditos servizos ao enderezo URL de acceso ao curso, así como a chave usuario e o contrasinal.

f) Servizo técnico de mantemento.

2. As entidades deberán poñer a disposición do órgano competente o enderezo URL de acceso á esta (o nome da persoa usuaria e a contrasinal) que permita a realización das tarefas de control e supervisión necesarias.

TÍTULO III

O Rexistro de entidades colaboradoras

Artigo 20. Creación do rexistro e adscrición

1. Créase o rexistro de entidades colaboradoras, que é o rexistro de entidades que, en colaboración coa consellería competente en materia agraria, imparten cursos nas especialidades formativas e modalidades de impartición que prevén os artigos 5 e 6, respectivamente. O rexistro queda adscrito á consellería competente en materia agraria.

2. A inscrición das entidades colaboradoras no rexistro, así como as modificacións e cancelacións realizarase de oficio por Agacal.

Artigo 21. Estrutura do rexistro

1. O rexistro de entidades colaboradoras estrutúrase en tantas seccións como as que recolla o Programa Formativo.

2. Unha vez que unha entidade sexa recoñecida como colaboradora deberán rexistrarse os seguintes datos:

- i. Identificación da entidade.
- ii. Teléfono de contacto.

- iii. Correo electrónico.
- iv. Identificación da persoa titular ou representante da entidade.
- v. Data de recoñecemento en vigor.
- vi. Número de rexistro que lle corresponde.
- vii. Especialidades formativas e modalidades de impartición.
- viii. Persoa coordinadora de cada especialidade formativa.

Artigo 22. Protección de datos

1. Os datos das entidades serán tratados de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. No caso das entidades recoñecidas para o impartir formación para a capacitación de persoas usuarias profesionais de produtos fitosanitarios atenderase ao disposto na normativa reguladora, que sinala que os datos recollidos no rexistro de entidades colaboradoras serán incluídos na páxina web do ministerio con competencias en materia de agricultura, o cal manterá actualizado un listado de entidades recoñecidas para impartir dita formación en todo o territorio nacional.

TÍTULO IV

Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos

Artigo 23. Solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as Administracións Públicas, as persoas xurídicas, as persoas traballadoras autónomas, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas nas Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa

solicitud presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitud aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 24. Trámites administrativos posteriores á presentación da declaración responsable

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica tamén poderán realizarse os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 25. Tramitación

Unha vez presentadas as solicitudes, o persoal técnico de Agacal procederá á comprobación da documentación achegada.

No suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, requirirase á persoa interesada para que nun prazo de dez (10) días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa interesada desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 26. Resolucións

1. A persoa titular da Dirección de Agacal resolverá os procedementos descritos neste decreto.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que se adopte será de 3 meses, contados desde o día seguinte á presentación da solicitude, agás que unha norma de rango superior estableza un prazo inferior. Transcorrido ese prazo, as persoas interesadas poderán entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 27. Réxime de notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 28. *Recursos*

1. As resolucións do órgano competente non poñen fin a vía administrativa.
2. Contra as resolucións a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia agraria no prazo dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido o dito prazo sen terse interposto o recurso, a resolución será firma para todos os efectos.
3. Se o acto non fóra expreso as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

TÍTULO V

Os procedementos de recoñecemento como entidade colaboradora e homologación de especialidades formativas, de modificación das homologacións, de retirada do recoñecemento e de retirada da homologación

CAPÍTULO I

Recoñecemento como entidade colaboradora, homologación de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición e modificación das homologacións

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 29. Procedemento de recoñecemento como entidade colaboradora e de homologación de especialidades formativas ou modificación desta

Mediante este decreto regúlanse os seguintes procedementos:

- a) Recoñecemento das entidades como colaboradoras coa consellería competente en materia agraria.
- b) Homologación de especialidades formativas.

c) Modificación dunha homologación.

Sección 2ª. Recoñecemento como entidade colaboradora

Artigo 30. *Solicitud*

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 31. *Prazos de presentación de solicitudes*

A presentación de solicitudes para o recoñecemento das entidades como colaboradoras poderá realizarse ao longo de todo o ano.

Artigo 32. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Certificado de estar ao día coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser copias auténticas.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 33. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Poder notarial, ou poder outorgado a través do Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos da Comunidade Autónoma que corresponda ou no Rexistro Electrónico de Apoderamentos-REA, no caso de que a persoa que asina a solicitude non poida ser identificada como representante da entidade por parte do órgano competente.
- b) Estatutos, documento oficial de constitución da entidade ou documento equivalente.
- c) Xustificante do pagamento da taxa para o recoñecemento (código 31.04.07.01).

A persoa interesada deberá achegar os orixinais en formato electrónico ou copias auténticas electrónicas dos documento sinalado na letra b) do número 1.

No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015.

2. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 34. Tramitación do procedemento

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 35. Resolución

A resolución do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 26 e suporá o recoñecemento das entidades como colaboradoras coa consellería competente en materia agraria e determinará inscrición de oficio no rexistro.

Artigo 36. Ámbito territorial e vixencia do recoñecemento.

1. Sempre que se manteña o cumprimento dos requisitos establecidos neste decreto, o recoñecemento como entidade colaboradora terá validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que a normativa específica reguladora determine un ámbito diferente.
2. A vixencia do recoñecemento será indefinida a partir da data de inscrición, agás que a normativa específica aplicable estableza outra duración.

Artigo 37. Obriga de comunicar calquera cambio respecto da información e/ou documentación

Calquera cambio respecto documentación incluída na solicitude presentada para o recoñecemento deberá ser comunicada, no prazo de dez días hábiles desde que se produza, á persoa titular da Dirección de AGACAL, que, se é o caso, determinará a modificación da resolución de recoñecemento.

Sección 3ª Homologacións de especialidades formativas e da súa modalidade de impartición

Artigo 38. Solicitude

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 39. *Prazos de presentación de solicitudes*

A presentación de solicitudes para homologación dunha especialidade formativa e modalidade de impartición poderá realizarse ao longo de todo o ano.

Artigo 40. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:
 - a) NIF da entidade solicitante.
 - b) DNI/NIE da persoa representante.
 - c) DNI/NIE da persoa coordinadora.
 - d) Títulos oficiais universitarios da persoa coordinadora.
 - e) Títulos oficiais non universitarios da persoa coordinadora.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 41. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:
 - a) Poder notarial, ou apoderamento inscrito no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos da Comunidade Autónoma que corresponda ou no Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA-AGE) cando a persoa que asina a solicitude non poida ser identificada como representante da entidade por parte do órgano competente.

- b) Nas modalidades de teleformación e aula virtual a entidade deberá facilitar o enderezo URL de acceso á plataforma dixital, o nome da persoa usuaria e o contrasinal.
- c) Plan de formación conforme ao sinalado no artigo 17.
- d) Anexo II de comprobación datos de terceiras persoas interesadas relativa á persoa coordinadora.

2. Para a homologación dunha especialidade formativa a entidades recoñecidas noutras comunidades autónomas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) A sinalada no número 1 anterior.
- b) O certificado emitido pola comunidade autónoma correspondente no que se especifique que, no momento da solicitude, a dita entidade segue mantendo as condicións que deron lugar a tal recoñecemento.

A persoa interesada deberá achegar os orixinais en formato electrónico ou copia auténtica electrónica do documento sinalado na letra b) do número 2.

No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015.

3. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación

electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 42. Tramitación do procedemento

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 43. Resolución do procedemento

A resolución do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 26.

Artigo 44. Vixencia da homologación da especialidade formativa e modalidade de impartición

1. Sempre que se manteña o cumprimento dos requisitos establecidos neste decreto, a homologación dunha especialidade formativa terá validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo que a normativa específica reguladora determine un ámbito diferente.

2. A vixencia da homologación dunha especialidade formativa será indefinida a partir da data de resolución, agás nos seguintes casos:

a) A homologación das especialidades formativas encadradas na letra b) do número 2 do artigo 5, que será coincidente coa duración da vixencia dos certificados de capacitación inicial.

b) No caso de que a normativa específica aplicable estableza outra duración.

Artigo 45. Obriga de comunicar calquera cambio respecto da información e/ou documentación

Calquera cambio respecto da información ou documentación presentada inicialmente para a homologación dunha especialidade formativa deberá ser comunicado, no prazo de dez días hábiles desde que se produza, a órgano competente, quen unha vez estudada, poderá manter ou modificar a resolución.

Sección 4ª Modificación da homologación da especialidade formativa e da súa modalidade de impartición

Artigo 46. Causas da modificación

Constitúe causa de modificación da homologación nunha especialidade formativa as variacións introducidas polo órgano competente no Programa formativo descrito no artigo 7 que afecten á estrutura, a duración concreta, a distribución temporal dos contidos teórico-prácticos, a distribución de horas presenciais e non presenciais, a asistencia mínima ou aos requisitos esixibles á persoa coordinadora.

Artigo 47. Prazos de presentación de solicitudes

1. A publicación dunha modificación do programa formativo por parte do órgano competente, segundo o previsto no artigo 7, implicará a interrupción automática da posibilidade de impartir cursos da correspondente especialidade por parte das entidades colaboradoras. Esta interrupción non será de aplicación no caso de que, no momento da publicación da modificación, se estea a desenvolver un curso. Nese suposto, a interrupción producirase unha vez remate o curso.
2. As entidades colaboradoras disporán dun prazo máximo de nove meses, contados desde o día seguinte ao da publicación prevista no artigo 7.6, para presentar a solicitude de modificación da súa homologación e adaptarse aos novos requisitos establecidos.
3. En ningún caso poderá impartirse formación correspondente á especialidade modificada mentres non se dite resolución expresa favorable á adaptación solicitada.

Artigo 48. Solicitude para a modificación

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 49. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante

- b) DNI/NIE da persoa representante
 - c) DNI/NIE da persoa coordinadora
 - d) Títulos oficiais universitarios da persoa coordinadora.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.
3. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 50. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a documentación obxecto de modificación:
- a) Poder notarial, ou apoderamento inscrito no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos da Comunidade Autónoma que corresponda ou no Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA-AGE) cando a persoa que asina a solicitude non poida ser identificada como representante da entidade por parte do órgano competente
 - b) Nas modalidades de teleformación e aula virtual a entidade deberá facilitar o enderezo URL de acceso á plataforma dixital, o nome da persoa usuaria e o contrasinal.
 - c) Plan de formación adaptado conforme ao sinalado no artigo 17.
 - d) Anexo II de comprobación de datos terceiras persoas interesadas relativa á persoa coordinadora.
2. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións pública, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e perante que órgano administrativo presentou os documentos, que serán reclamados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante

a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 51. Tramitación da modificación

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 52. Resolución da modificación

A resolución do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 26.

CAPÍTULO II

Retirada do recoñecemento e retirada da homologación

Sección 1ª. Retirada do recoñecemento

Artigo 53. Causas da retirada do recoñecemento

1. A retirada do recoñecemento da entidade como colaboradora poderá acordarse dalgunha das seguintes formas:

a) De oficio, cando concorran as causas previstas neste artigo.

b) A solicitude da entidade colaboradora interesada.

2. Poderase acordar a retirada do recoñecemento como entidade colaboradora, mediante resolución motivada da persoa titular da dirección de Agacal logo de audiencia á persoa interesada, cando a mesma incorra nalgún dos seguintes supostos:
 - a) Incumprimento dos requisitos sinalados nas letras a) ou b) do artigo 15.
 - b) Obstrución das labores de supervisión e inspección sinaladas no artigo 72.
 - c) Cando a entidade colaboradora o solicite expresamente.

Artigo 54. Efectos da retirada

1. A retirada do recoñecemento como entidade colaboradora determinará, en todo caso, a baixa de oficio no rexistro.
2. A retirada do recoñecemento como entidade colaboradora motivada por algunha das causas sinaladas na letra b) do número 2 do artigo anterior impedirá obter un novo recoñecemento durante os 2 anos seguintes, contados desde a notificación da resolución.

Sección 2ª. Retirada da homologación

Artigo 55. Causas da retirada da homologación nunha ou varias especialidades formativas e modalidade de impartición

1. Poderase acordar a retirada da homologación dunha especialidade formativa no rexistro de entidades colaboradoras, mediante resolución motivada da persoa titular da dirección de Agacal, logo de audiencia da entidade, cando esta incorra nalgún dos seguintes supostos:
 - a) Incumprimento dos requisitos sinalados nas letras b), c) ou d) do artigo 16.
 - b) Incumprimento do prazo sinalado no artigo 47.2.
 - c) Non executar ningún curso vinculada á especialidade formativa homologada, durante un período superior a 3 anos.
 - d) Cando se detecte que a entidade incumpre de xeito reiterado as obrigas que se indican a continuación, entendendo por reiterado para estes efectos que se produzan cando menos tres incumprimentos no transcurso de tres inspeccións, de calquera das seguintes obrigas:

1ª Obriga de facer entrega da Guía didáctica do curso e do Manual técnico de

contidos ao alumnado.

2ª Obriga de informar ao alumnado que cumpriron coa porcentaxe de horas obrigatorias que están en disposición de realizar a proba de aptitude, indicándolles o lugar, hora e data de realización.

3ª Obriga de poñer ao dispor do alumnado as follas de queixas e reclamacións, de acordo con o disposto na Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias e o Decreto 375/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as follas de reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia.

4º Que a entidade colaboradora non realice o control e seguimento de asistencia do alumnado mediante follas de sinatura ou rexistros de conexións na plataforma dixital, segundo corresponda á modalidade de impartición.

2. Poderase acordar a baixa no rexistro en todas ou nalgunhas das especialidades formativas e modalidade de impartición homologadas cando a entidade colaboradora o solicite expresamente.

Artigo 56. *Efectos da retirada*

A retirada da homologación nunha ou todas especialidades formativas motivada nalgunha das causas sinaladas nas letras a), b) e d) número 1 do artigo anterior impedirá obter unha nova homologación durante os 2 anos seguintes, contados desde a notificación da resolución á entidade colaboradora.

TÍTULO VI

O procedemento de execución dos cursos de formación

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 57. *Actividades formativas excluídas*

Este procedemento non será de aplicación aos cursos que se encadren dentro do Plan de formación ao Agro que, con carácter periódico, convoca a consellería con competencias en materia agraria e aos cursos convocados polas entidades colaboradoras sinaladas no número 1 do artigo 8.

Artigo 58. Requisitos previos á execución dun curso por parte das entidades colaboradoras

As entidades colaboradoras que pretendan executar un curso de formación, deberán cumprir os seguintes requisitos previos:

1. Estar recoñecidas e inscritas no rexistro de entidades colaboradoras e contar coa homologación da especialidade formativa e da modalidade de impartición na que se pretenda executar o curso.

2. Cumprimentar os datos e achegar a documentación asociada ao desenvolvemento do curso, a través dos medios que o órgano competente porá á súa disposición, segundo o previsto no artigo 61, cunha antelación mínima de quince días hábiles respecto da data de inicio do curso.

a) Os datos cumprimentar son os seguintes:

1º A denominación, modalidade de impartición e código de homologación da especialidade formativa á que está vinculado.

2º Os datos identificativos das instalacións das sesións presenciais e/ou URL da plataforma de teleformación ou aula virtual.

3º As datas e horas previstas para a execución do curso.

4º O cadro de profesorado e titulación académica.

5º A identificación da persoa coordinadora e indicación da súa titulación académica.

6º A relación dos/as alumnos/as que asistirán ao curso e indicación, no caso de que a proba de aptitude sexa esixible, do lugar e data preferentes para a súa realización.

7º Os medios dispoñibles para impartir as sesións presenciais, en teleformación ou en aula virtual.

8º Os datos relativos ás pólizas de seguro de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as sesións presenciais e de responsabilidade civil e accidentes do alumnado e do persoal docente.

9º Calquera outra información que sexa necesaria para o desenvolvemento do curso.

b) A documentación que se debe achegar é a seguinte:

1º. Documento que acredite o dereito de uso das instalacións onde se desenvolverán as sesións presenciais, mediante título xurídico válido, como contrato de alugueiro, título de propiedade ou acordo de cesión. Nos casos nos que sexa esixible a realización de prácticas en campo, a entidade deberá achegar igualmente a documentación que acredite o dereito de uso da/s parcela/s necesarias para a súa execución.

2º Memoria na que se describan as instalacións e parcelas a empregar pola entidade colaboradora, indicando os medios e equipamentos dispoñibles. En concreto o documento deberá conter:

i. A identificación do lugar de impartición das sesións presenciais das clases teóricas achegando descrición gráfica, planos ou esbozos.

ii. A indicación da referencia catastral das parcelas onde se vaia desenvolver a formación práctica.

3º Declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos técnicos e legais dos medios e instalacións postos a disposición para a impartición das sesións presenciais, segundo o Anexo II, incluíndo unha manifestación expresa de contar coa Licencia de apertura do local onde se desenvolverán as ditas sesións presenciais ou, se é o caso, xustificación da súa exención conforme ao establecido no número 2 do artigo 60.

4º Declaración responsable sobre a dispoñibilidade de medios para a impartición de accións formativas nas modalidades de aula virtual ou teleformación, segundo o Anexo III.

5º No caso das actividades formativas que contemplan sesións presenciais, póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realicen e póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra a totalidade do persoal docente e alumnado. Alternativamente a entidade colaboradora poderá achegar unha copia das pólizas acompañadas dunha certificación emitida pola entidade aseguradora onde quede claramente identificado o nº de póliza e se especifique, de xeito inequívoco, o prazo da súa vixencia.

Cando as sesións presenciais se desenvolvan en instalacións dependentes das Administracións Públicas e aqueles centros privados acollidos ao réxime de concertos coa Administración Educativa, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, a entidade colaboradora estará exenta da achega desta documentación.

6º Anexo IV sobre a comprobación datos terceiras persoas interesadas relativa á persoa coordinadora e ao persoal docente.

3. A persoa interesada deberá achegar os orixinais en formato electrónico ou copias auténticas electrónicas dos documentos sinalados nos puntos 1º e 5º da letra b).

No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Cando a documentación requirida neste artigo fose emitida por entes que non dispuxeran dun sistema de sinatura electrónica no momento da súa emisión, a entidade colaboradora deberá declarar responsablemente a veracidade da documentación achegada.

Non será necesario achegar os documentos sinalados nos números 1º, 2º, 3º, 4º e 6º do punto anterior cando xa os presentara con anteriormente a entidade colaboradora para o desenvolvemento de actividades formativas previas vinculadas á mesma especialidade formativa. Non obstante, a entidade deberá achegar unha declaración responsable sinalando esta circunstancia e que non variou o seu contido.

Artigo 59. *Persoal docente*

1. As entidades colaboradoras deberán dispor de profesorado cualificado para impartir as accións formativas, cun perfil de coñecementos que cumpra as esixencias establecidas en cada caso pola normativa de aplicación ou, no seu defecto, axeitados na materia que teña asignada.

2. Requirirase, con carácter xeral, titulación universitaria, así como aquelas capacitacións profesionais que se xulguen necesarias para a docencia dunha determinada especialidade. Con todo, poderán participar como profesorado de prácticas, persoal con titulación de formación profesional dos ciclos medio e superior da familia agraria, veterinaria, forestal e sanitaria.

3. Os requirimentos de formación esixidos ao persoal docente estableceranse en cada caso no programa formativo sinalado no artigo 7, logo de xustificarse a súa necesidade e propoñer o conxunto dos contidos teórico-prácticos correspondentes a cada especialidade formativa. Estes axustaranse, en todo momento, á normativa que os regule.

Artigo 60. Instalacións destinadas á realización de sesións presenciais

1. As instalacións nas que se celebren as sesións presenciais das actividades formativas deberán reunir as condicións mínimas e imprescindibles para o seu desenvolvemento.
2. Poderán impartirse as clases en calquera local, centro ou aula situado na Comunidade Autónoma de Galicia que conte con Licenza Municipal de Apertura para exercer a actividade docente, e o aforo autorizado sexa adecuado ao número de alumnos/as participantes. O local deberá manter, en todo momento, as condicións axeitadas, en especial, a seguridade, acústica, iluminación, temperatura, habitabilidade, hixiene e accesibilidade esixidos pola lexislación vixente. As entidades deberán declarar baixo a súa responsabilidade que o local cumpre coas condicións sinaladas.

Con todo, estarán exentos da presentación da mencionada declaración responsable, as entidades que realicen as actividades formativas nas instalacións dependentes das Administracións Públicas e aqueles centros privados acollidos ao réxime de concertos coa Administración Educativa, de acordo co previsto no artigo 116 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. As sesións presenciais dos cursos que se realicen pola modalidade de teleformación ou de aula virtual estarán suxeitas ao establecido nos dous números anteriores.
4. Será obrigatorio ter contratada unha póliza de seguros de responsabilidade civil referente ás instalacións onde se realizarán as actividades presenciais. Non obstante, no caso de instalacións dependentes das Administracións Públicas e aqueles centros privados sinalados no número 2 non será precisa a achega de documentación que o xustifique.
5. As aulas estarán dotadas de material e medios necesarios para poder desenvolver as ensinanzas de carácter teórico e práctico esixidos pola normativa de aplicación e, no seu defecto, no Programa formativo.

Artigo 61. Habilitación de medios

O órgano competente porá a disposición das entidades colaboradoras na súa páxina web (www.agacal.xunta.gal) os medios necesarios para a introdución dos datos e documentación sinalados no número 2 do artigo 58.

Artigo 62. *Validación de datos e informe resumo*

1. Unha vez que as entidades colaboradoras proporcionen os datos e documentación sinalados no artigo 58, o persoal técnico de Agacal validará a dita información.

2. Unha vez validada a información referida no número anterior, as entidades colaboradoras obterán un informe resumo que lles permita verificar a información introducida. Este resumo deberá ser asinado pola persoa representante da entidade colaboradora e achegado como documentación complementaria xunto coa solicitude de avaliación da execución do curso de formación.

3. O informe resumo referido no número anterior fará constar:

- a) O código identificativo do curso.
- b) O lugar, a data e a hora da proba de avaliación do alumnado, no caso de ser esixible.

4. As entidades colaboradoras poderán modificar con anterioridade ao inicio do curso os seguintes datos: relación de alumnos/as, datas e lugar para a realización da proba de aptitude, persoa coordinadora, cadro de profesorado, instalacións das sesións presenciais e/ou URL da plataforma de teleformación ou aula virtual. Unha vez introducidos os novos datos o persoal técnico de AGACAL procederá a súa validación. Completado o proceso, as entidades colaboradoras obterán un novo informe resumo coa información introducida. Este deberá ser asinado pola persoa solicitante e ser presentado como documentación complementaria xunto coa solicitude de avaliación da execución do curso de formación.

As entidades colaboradoras poderán realizar unha única modificación da relación de alumnos/as inscritos sempre cun mínimo de tres días de antelación respecto da data de inicio do curso. Non se admitirán cambios fóra deste prazo.

Artigo 63. *Requisitos posteriores á execución do curso*

Unha vez rematada o curso, as entidades colaboradoras deberán:

- 1. Proporcionar a través dos medios sinalados no artigo 61 a relación de alumnos/as que cursaron as horas mínimas esixidas e, polo tanto, están en condicións de presentarse á proba de aptitude ou, no caso de que o Programa Formativo sinale que a dita proba non é esixible, de recibir de xeito directo o certificado, acreditación, diploma ou carné que corresponda.

2. Solicitar ante o órgano competente a avaliación da execución do curso para que este determine se a súa execución se realizou de conformidade ao establecido neste decreto e, en consecuencia, expida os certificados, acreditacións ou carnés que procedan.

Sección 2ª Avaliación de execución do curso de formación

Artigo 64. Habilitación do procedemento e finalidade

Mediante este decreto habilitase o procedemento MRXXX que terá como finalidade avaliar a execución dos cursos vinculados ás especialidades formativas recollidas neste decreto na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 65. Solicitude

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 66. Prazos para presentar a solicitude

1. A presentación da solicitude poderá realizarse en calquera momento unha vez rematado o curso.
2. Nos casos en que o programa formativo esixa a realización dunha proba de aptitude como requisito, e esta teña lugar nas datas e nos lugares establecidos por Agacal, segundo o indicado na letra b) do artigo 10, a solicitude para a avaliación da execución deberá presentarse antes da celebración da devandita proba.
3. Pola contra, se a proba de aptitude é realizada pola propia entidade colaboradora nas súas instalacións, a solicitude deberá presentarse unha vez rematado o curso e realizada a correspondente proba de aptitude polas persoas participantes.

Artigo 67. Documentación complementaria

1. As entidades colaboradoras deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:
 - a) Poder notarial, ou apoderamento inscrito no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos da Comunidade Autónoma que corresponda ou no Rexistro Electrónico de Apoderamentos-REA, no caso de que a persoa que asina a solicitude non poida ser identificada como representante da entidade por parte do órgano competente.

- b) Informe resumo referido no artigo 62 asinado pola persoa representante da entidade.
 - c) Atendendo á modalidade de impartición que se indica a continuación, deberán achegar a seguinte información:
 - 1º Aula Virtual e Teleformación: o rexistro de conexións xerado pola aplicación da plataforma dixital na que se identifiquen, para cada curso, o código e/ou denominación da acción, as persoas participantes (NIF, nome e apelidos), así como as datas e tempos de conexión. Igualmente, o rexistro deberá incluír o grao e forma de participación en foros así como o tempo de visualización dos contidos colgados na plataforma durante o curso.
 - 2º Presencial e naquelas sesións presenciais que se desenvolvan nas restantes modalidades: as follas de asistencia debidamente asinadas polo persoal docente e o alumnado segundo o Anexo V, e xustificantes de ausencia presentados polo alumnado.
 - d) Anexo VI Declaración responsable sobre a veracidade dos datos consignados pola persoa coordinadora, de onde se constate:
 - 1º A veracidade dos datos consignados na folla-resumo de asistencias/rexistro de conexións.
 - 2º A relación daqueles/as alumnos/as que cumpran coa porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada acción formativa.
 - e) Acta de avaliación da proba de aptitude, no caso de que a proba de aptitude sexa realizada pola entidade colaboradora nas súas propias instalacións.
 - f) Anexo VII de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas dos alumnos/as que realizan o curso.
 - g) Xustificante do pagamento da taxa, no caso de que se trate de accións formativas sinaladas no número ordinal 4º da letra a) do número 2 do artigo 5. Estarán exentos do pagamento desta taxa as entidades públicas instrumentais, órganos e unidades administrativas dependentes ou adscritas ás administracións públicas (código 31.04.07.02).
2. A persoa representante declarará baixo a súa responsabilidade que durante período de tempo inherente á realización do curso mantivo o cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 16 e as obrigas recollidas na letra d) número 1 do artigo 55.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Nestes casos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e perante que órgano administrativo presentou os documentos, que serán reclamados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da entidade colaboradora.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das entidades colaboradoras presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As entidades colaboradoras responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola entidade colaboradora, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 68. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) DNI/NIE da persoa coordinadora..
- d) Títulos oficiais universitarios da persoa coordinadora.
- e) Títulos oficiais non universitarios da persoa coordinadora.

- f) DNI/NIE do persoal docente.
- g) Títulos oficiais universitarios do persoal docente.
- h) Títulos oficiais non universitarios do persoal docente.
- i) DNI/NIE do alumnado.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 69. Tramitación da solicitude

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 70. Resolución da solicitude

1. A persoa titular da Dirección de Agacal emitirá a resolución do procedemento onde se relacionarán as persoas que teñen dereito á emisión do certificado, acreditación ou carné que corresponda en cada caso.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que se adopte será de 6 meses, contados desde o día seguinte á achega da solicitude de avaliación da execución. Transcorrido ese prazo, as entidades poderán entender estimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. A resolución, suporá a emisión de oficio dos diplomas, acreditacións, certificados ou carnés profesionais, das persoas que superaron o curso e a proba de aptitude, de ser o caso, agás:

- a) Os certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais derivados dos cursos realizados por calquera das entidades públicas instrumentais, órganos e unidades administrativas dependentes ou adscritas ás administracións públicas, cuxa emisión se realizará de conformidade ao procedemento sinalado na sección 2ª do capítulo I do Título VII.

b) Os certificados de capacitación inicial do persoal que manexa animais con fins de experimentación e outros fins científicos incluída a docencia, cuxa emisión realizárase de conformidade ao procedemento sinalado na sección 2ª do capítulo II do título VII.

4. Os certificados, acreditacións, diplomas ou carnés profesionais remitiranse á entidade ou, en casos excepcionais debidamente motivados e a petición da entidade, ao alumnado.

Sección 3ª. Actividades complementarias á execución

Artigo 71. Enquisas de satisfacción

1. Agacal poderá habilitar na súa páxina web un espazo de enquisas destinado a avaliar a satisfacción do alumnado respecto do curso realizado.

2. A finalidade da recollida de datos será a de dispor de información que permita valorar o Plan formativo impartido, a metodoloxía aplicada, os medios utilizados, o entorno e as capacidades do profesorado, así como considerar as propostas de mellora formuladas polas persoas participantes.

3. As entidades colaboradoras deberán trasladar ás persoas participantes a ligazón facilitada para este fin, debendo cubrir a dita enquisa unha vez finalice o curso.

Artigo 72. Supervisión e inspección

1. A persoa titular da Dirección de Agacal designará o persoal funcionario encargado de realizar as visitas de inspección oportunas que permitan o control e a supervisión do cumprimento do disposto neste decreto. En concreto supervisarán:

- a) A veracidade dos datos e documentación trasladados pola entidade colaboradora e o mantemento das condicións que deron lugar ao recoñecemento, homologación así como os datos e documentación trasladados de xeito previo á execución do curso recollidos no artigo 58.
- b) Que se impartiron os cursos nas condicións que sinalou a entidade colaboradora: persoal docente, material, equipos, instalacións tanto para o desenvolvemento das sesións teóricas como prácticas, cumprimento da programación e demais condicións.
- c) O sistema de control de asistencia do alumnado.

2. Segundo os resultados da visita realizada procederá, se é o caso, o inicio do trámite sinalado na sección 1ª e sección 2ª do Capítulo II do Título V.

Artigo 73. Obriga de conservar a documentación por parte das entidades colaboradoras

As entidades colaboradoras que impartan formación están obrigados a conservar a documentación de cada curso e os módulos que inclúa a disposición dos órganos competentes durante un período mínimo de cinco anos a contar desde a data da súa finalización.

TÍTULO VII

Expedición de carnés, certificados, acreditacións e diplomas cando a persoa solicitante cumpra os requisitos esixidos para a súa emisión

CAPÍTULO I

Expedición e renovación de carnés, certificados, acreditacións e diplomas relacionados con especialidades formativas da rama agraria

Sección 1ª Disposicións xerais

Artigo 74. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas que precisen a obtención do certificado, acreditación, diploma ou carné profesional sobre algunha das materias sinaladas na letra a) do número 2 do artigo 5, poderán acceder directamente á súa obtención nos seguintes supostos:

- a) Cando a normativa que regula a especialidade formativa ou, no seu defecto, o Programa formativo sinalado no artigo 7 estableza validacións ou exencións concretas.
- b) Por perda ou extravío do certificado, acreditación, diploma ou carné.
- c) Cando o curso de formación se realice fóra da comunidade autónoma de Galicia, pero a normativa que regula a especialidade formativa estableza a emisión do certificado, acreditación, diploma ou carné nesta comunidade.
- d) No caso de superación das actividades formativas que sexan convocadas por calquera das entidades públicas instrumentais, órganos e unidades administrativas dependentes ou adscritas ás administracións públicas ou no caso de superación das actividades formativas que se encadren dentro do Plan de

formación ao Agro Galego que, con carácter periódico, convoca a consellería con competencias en materia agraria.

Sección 2ª Expedición de carnés, certificados, acreditacións ou diplomas

Artigo 75. Ámbito de aplicación

Este procedemento será de aplicación nos seguintes casos:

- a) Ás persoas que obtivesen a formación mediante a realización dun curso impartido na Comunidade Autónoma de Galicia polas entidades públicas instrumentais, órganos ou unidades administrativas dependentes ou adscritas ás administracións públicas ou cursos que se encadren dentro do Plan de formación ao Agro Galego que, con carácter periódico, convoca a consellería con competencias en materia agraria.
- b) Ás persoas que obtivesen a formación mediante a realización dun curso impartido fóra da comunidade autónoma de Galicia, cando a normativa que regula a especialidade formativa estableza a emisión do certificado, acreditación, diploma ou carné nesta comunidade.
- c) Nos casos de validacións ou exencións concretas.
- d) Nos casos de perda ou extravío do certificado, acreditación, diploma ou carné.

Artigo 76. Solitude

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 77. Prazos para presentación de solicitude

A presentación de solicitudes para a expedición dun carné, certificado ou acreditación poderá realizarse ao longo de todo o ano.

Artigo 78. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.

- d) Titulación universitaria da persoa solicitante, cando resulte de aplicación o disposto na letra a), número 1 do artigo 74.
 - e) Titulación non universitaria da persoa solicitante, cando resulte de aplicación o disposto na letra a), número 1 do artigo 74.
2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitado e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.
3. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 79. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas que estean no suposto sinalado na letra a) do número 1 do artigo 74, deberán achegar coa solicitude, a seguinte documentación:
- a) Anexo II de Pluralidade de Persoas Solicitantes, no caso de que a solicitude sexa realizada en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
 - b) Título universitario, só no caso de non autorizar a consulta dos datos.
 - c) Títulos oficiais non universitarios, só no caso de non autorizar a consulta dos datos.
 - d) Certificado de profesionalidade emitido pola consellería con competencias en materia de emprego, u, no seu defecto, comunicación de ter concedido o certificado de profesionalidade emitido pola Consellería de Promoción do Emprego e igualdade, onde se reflicta que o interesado reúne todos os requisitos esixidos conforme á normativa vixente que lle dan dereito á súa expedición.
2. As persoas interesadas que estean no suposto sinalado na letra b) do artigo 74, deberán achegar coa solicitude, o Anexo II de Pluralidade de Persoas Solicitantes, no caso de que a solicitude sexa realizada en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
3. As persoas interesadas que estean na circunstancia sinalada na letra c) do número 1 do artigo 74, deberá achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Anexo II de Pluralidade de Persoas Solicitantes, no caso de que a solicitude sexa realizada en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
 - b) Documento acreditativo da realización do curso.
 - c) Resolución de autorización do curso realizado emitido pola comunidade autónoma que corresponda.
 - d) Documento que acredite a residencia da persoa solicitante na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. As persoas interesadas que estean na circunstancia sinalada na letra d) do número 1 do artigo 74, deberá achegar:
- a) Anexo II de Pluralidade de Persoas Solicitantes, en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
 - b) Anexo III Declaración responsable sobre a veracidade dos datos consignados pola persoa coordinadora, de onde se constate:
 - 1º A veracidade dos datos consignados na folla-resumo de asistencia/rexistro de conexións.
 - 2º A relación daqueles/as alumnos/as que cumpran coa porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada acción formativa.
 - c) Acta de avaliación da proba de aptitude, no caso de que a proba de aptitude sexa realizada pola entidade colaboradora.
5. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, todas as persoas interesadas que estean en calquera dos supostos regulados no artigo 74, deberán achegar coa solicitude o xustificante do pagamento da taxa, no caso de que se trate de accións formativas sinaladas no número ordinal 4º da letra a) do número 2 do artigo 5 (código 31.04.07.04).
6. No caso de que a persoa interesada achegue a documentación por medios electrónicos deberá achegar os orixinais en formato electrónico ou copia auténtica electrónica dos documentos sinalados nas letras b), c) do número 1, no caso de no autorizar a súa consulta, a letra d) do número 1 e nas letras b), c) e d) do número 3.
7. No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015.

Cando a documentación requirida neste artigo fose emitida por entes que non dispuxeran dun sistema de sinatura electrónica no momento da súa emisión, a entidade colaboradora deberá declarar responsablemente a veracidade da documentación achegada, sinalando a opción que corresponda no formulario de solicitude de homologación.

8. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e perante que órgano administrativo presentou os documentos, que serán reclamados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

9. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 80. *Tramitación*

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 81. *Resolución*

A persoa titular da Dirección de Agacal expedirá os diplomas, certificados, acreditacións ou carnés profesionais nun prazo máximo de 3 meses, contados desde o día seguinte á presentación da solicitude.

Artigo 82. *Vixencia dos carnés, certificados, acreditacións ou diplomas*

1. A vixencia e renovación dos carnés, certificados, acreditacións e diplomas regulados neste decreto axustarase ao disposto na normativa que lle sexa de aplicación en cada caso.
2. O prazo de validez dos carnés profesionais e a súa renovación, tanto obtidos por titulación habilitante como a través dun curso de formación será coincidente co establecido na norma reguladora de aplicación, salvo que sexa retirado polo órgano competente antes de finalizar este prazo, por incumprimento de requisitos ou por infracción.
3. Establécese unha vixencia de dez anos para os certificados e acreditacións de capacitación en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras e para condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos que sexan emitidos con posterioridade á entrada en vigor deste decreto.

Sección 3ª Renovación dos carnés, certificados e acreditacións

Artigo 83. *Causas de renovación*

Constitúe causa de renovación dos carnés, certificados e acreditacións obxecto deste decreto a finalización do seu período de vixencia, nas condicións nas que a norma reguladora así o estableza.

Artigo 84. *Efectos da falta de renovación*

1. O incumprimento da obriga de renovación dos carnés, certificados e/ou acreditacións conforme ao estipulado neste decreto, producirá a súa caducidade. No caso de que a persoa interesada non renove os carnés, certificados e/ou acreditacións antes de que expire a súa vixencia, a persoa deberá capacitarse novamente realizando os cursos de formación esixibles en cada caso.
2. No caso de que non se renoven en prazo, os carnés de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios cancelaranse de oficio no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores.

Artigo 85. Requisitos das persoas interesadas

1. As persoas interesadas poderán solicitar a renovación do certificado, acreditación ou carné profesional, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando a persoa interesada obtivo de xeito directo a acreditación, certificado ou carné profesional atendendo ao sinalado na letra a) do número 1 do artigo 74.
- b) Cando a norma reguladora e/ou no Programa ao que fai referencia o artigo 7 non esixa a realización de formación complementaria para a renovación do certificado, acreditación ou carné profesional.
- c) Cando a norma reguladora e/ou no Programa ao que fai referencia o artigo 7 esixa a realización de formación complementaria para a renovación do certificado, acreditación ou carné profesional e superase a dita formación.

2. Os requisitos de formación necesarios para realizar a renovación dos certificados, acreditacións ou carnés profesionais regulados neste decreto axustarase, en todo caso, ao disposto na normativa que sexa de aplicación.

Artigo 86. Solicitude para a renovación

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 87. Prazos de renovación de carnés, certificados e acreditacións

1. A solicitude de renovación dun carné, certificado ou acreditación obtido a través da realización dun curso de formación deberá realizarse no período comprendido entre os doce meses anteriores á finalización do seu período de validez e os seis meses posteriores a que se produza o fin da súa vixencia. De non solicitala dentro do prazo sinalado producirase a súa caducidade e as persoas interesadas deberán realizar o curso habilitante correspondente ao nivel ou materia desexados para a obtención do novo carné, certificado ou acreditación.

2. A renovación dos certificados, acreditacións ou carnés profesionais obtidos por validación fóra do prazo establecido no número anterior producirá a súa caducidade. Nestes casos, as persoas interesadas deberán solicitar a emisión dun novo carné, certificado ou acreditación.

Artigo 88. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración

actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Titulación universitaria da persoa solicitante.
- e) Titulación non universitaria da persoa solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 89. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas que estean en condicións de obter directamente a renovación do certificado, acreditación ou carné profesional por estar nalgunha das circunstancias descritas no número 1 do artigo 85, deberán solicitar de forma individual a súa expedición, debendo achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Anexo II de Pluralidade de Persoas Solicitantes, no caso de que a solicitude sexa realizada en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
- b) Documento que acredite a realización do curso de formación complementaria que se estableza no Programa formativo.
- c) Título universitario, só no caso de non autorizar a consulta dos datos.
- d) Títulos oficiais non universitarios, só no caso de non autorizar a consulta dos datos.
- e) Xustificante do pagamento da taxa, no caso de que se trate de accións formativas sinaladas no número ordinal 4º da letra a) do número 2 do artigo 5 (código 31.04.07.04).

2. No caso de que a persoa interesada achegue a documentación por medios electrónicos deberá achegar o orixinal en formato electrónico ou copia auténtica electrónica do documento sinalado na letra b) e c) e d) no caso de non autorizar a súa consulta.
3. No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015.
4. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e perante que órgano administrativo presentou os documentos, que serán reclamados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.
5. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 90. *Tramitación da renovación*

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 91. *Resolución da renovación*

A resolución do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 26.

CAPÍTULO II

Expedición e mantemento do certificado de capacitación inicial para o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia

Sección 1ª Disposicións xerais

Artigo 92. *Requisitos das persoas solicitantes dos certificados de capacitación inicial*

1. Os requisitos esixibles ao persoal que manipula animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, para obter a capacitación inicial nas distintas funcións e especies, serán os establecidos pola normativa estatal vixente que regula os requirimentos específicos nesta materia.

2. Poderán solicitar a capacitación inicial na Comunidade Autónoma de Galicia as persoas interesadas que, ademais de cumprir os requisitos sinalados no número 1, acrediten atoparse nalguna das seguintes circunstancias, agás que a normativa estatal aplicable dispoña outras condicións específicas:

a) Ter realizado un curso de formación recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia, dirixido á adquisición dos resultados de aprendizaxe dos módulos correspondentes á/s función/s e á/s especie/s para as que a persoa interesada solicita a capacitación.

b) Ter realizado en Galicia o traballo baixo supervisión (TBS) vinculado á/s función/s e á/s especie/s para as que se solicita a capacitación.

c) Ter realizado un curso de formación recoñecido por outra autoridade competente diferente á Comunidade Autónoma de Galicia, dirixido á adquisición dos resultados de aprendizaxe dos módulos correspondentes á/s función/s e á/s especie/s para as que a persoa interesada solicita a capacitación, sempre que esta resida ou traballe en Galicia no momento de presentar a solicitude.

d) Ter realizado fora de Galicia o traballo baixo supervisión (TBS) vinculado á/s función/s e á/s especie/s para as que se solicita a capacitación, sempre que a persoa interesada resida ou traballe en Galicia no momento de presentar a solicitude.

Sección 2ª Expedición dos certificados de capacitación inicial

Artigo 93. Solicitude para a expedición da capacitación inicial

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 94. Prazos para presentar a solicitude

O prazo de presentación da solicitude de capacitación inicial estará aberto todo o ano.

Artigo 95. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Titulación universitaria da persoa solicitante.
- e) Vida laboral dos últimos 12 meses.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.

3. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 96. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas na obtención da capacitación inicial deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Xustificante do pagamento da taxa (código 31.04.07.04).
- b) De ser o caso, certificado de empadramento ou documento que acredite a súa residencia.
- c) Anexo II de Pluralidade de persoas solicitantes, no caso de que a solicitude sexa realizada en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
- d) Diploma ou documentación acreditativa da realización do curso de formación no que figuren os contidos específicos propios da función e do grupo de especies para os que se solicita a capacitación. A validez do curso será coincidente coa vixencia que a normativa específica estableza para os certificados de capacitación inicial.
- e) Adicionalmente, para a emisión da capacitación inicial nas funcións "a", "b" e "c", será precisa a achega da seguinte documentación:

1º O certificado de desenvolvemento do Traballo Baixo Supervisión emitido polo establecemento (Anexo III),

2º O(s) informe(s) de habilidades do Traballo Baixo Supervisión (Anexo IV para a función "a", Anexo V para a función "b" e Anexo VI para a función "c"), asinado(s) pola persoa supervisora.

3º Documento que acredite a capacitación da persoa supervisora en cada función que se solicite manter, no caso no que fose expedido noutra comunidade autónoma.

- f) Se a formación para obter unha nova función se xustifica a través da realización dun curso ponte a persoa interesada deberá presentar, de xeito complementario, algún dos seguintes documentos:

1º O documento acreditativo da capacitación na función previa no caso de que fose expedido por outra Comunidade Autónoma.

2º O diploma do curso de formación na función previa. A validez do curso será coincidente coa vixencia que a normativa específica estableza para os certificados de capacitación.

- g) Ademais, no caso de presentar un novo traballo baixo supervisión, para ampliar unha capacitación a un novo grupo de especies, a persoa interesada deberá achegar a seguinte documentación adicional:

1º O documento acreditativo da capacitación na función que se solicita ampliar cando este fose expedido por outra Comunidade Autónoma.

2º O diploma ou documentación acreditativa da realización do curso de formación no que figuren os contidos específicos propios da función e do grupo de especies para os que se solicita a ampliación. A validez do curso será coincidente coa vixencia que a normativa específica estableza para os certificados de capacitación.

2. Para a obtención da capacitación inicial mediante a validación dunha acreditación obtida noutros Estados Membros da Unión Europea, será precisa a achega xunto coa solicitude, da seguinte documentación:

- a) A sinalada nas letras a), b) e c) do número 1.
- b) O certificado acreditativo da capacitación emitido polo Estado membro.

Sen prexuízo do anterior, o recoñecemento da capacitación para traballar con animais de experimentación por parte de autoridades competentes doutros estados membros da Unión Europea terá efecto en todo o territorio nacional, conforme ao principio de reciprocidade, polo que a súa validación non é obrigatoria. Cando un Estado Membro da Unión Europea non emita certificados de capacitación de xeito expreso, ou cando non sexa posible establecer unha equivalencia directa entre as capacitacións do Estado Membro e a recollidas na normativa estatal, a persoa interesada poderá solicitar a capacitación inicial achegando xunto coa solicitude, os documentos sinalados nas letras a), b), c) do número 1 e os documentos emitidos por entidades ou centros do Estado Membro que sexan equivalentes aos sinalados na letra d) do número 1 e, de ser o caso, os documentos emitidos por entidades ou centros do Estado Membro que sexan equivalentes aos sinalados nos parágrafos 1º e 2º da letra e) do número 1.

3. Para a obtención da capacitación inicial mediante a validación dun recoñecemento obtido en terceiros países, será precisa a achega xunto coa solicitude, da seguinte documentación:

- a) A sinalada nas letras a), b) e c) do número 1.
- b) Certificado acreditativo da capacitación emitido pola autoridade competente.

- c) Documentación que acredite que o recoñecemento previo esta baseado en requisitos equivalentes á normativa española vixente.

Alternativamente poderase solicitar a capacitación inicial achegando os documentos sinalados nas letras a), b), c) do número 1 e os documentos emitidos por entidades ou centros do terceiro país que sexan equivalentes aos sinalados nas letra d) do número 1 e, de ser o caso, os documentos emitidos por entidades ou centros do terceiro país que sexan equivalentes aos sinalados nos parágrafos 1º e 2º da letra e) do número 1.

4. Se os documentos referidos nas letras d), f) e g) do número 1, e nos números 2 e 3, están redactados nun idioma diferente ao galego ou ao castelán, deberán acompañarse dunha tradución xurada a calquera destas dúas linguas.

5. No caso de que a persoa interesada achegue a documentación por medios electrónicos deberá presentar o orixinal en formato electrónico ou copia auténtica electrónica dos documentos sinalados nas letras d), e) f) e g) do número 1, e nos números 2, 3 e 4.

No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015.

Cando a documentación requirida neste artigo fose emitida por entes que non dispuxeran dun sistema de sinatura electrónica no momento da súa emisión, a persoa solicitante deberá declarar responsablemente a veracidade da documentación aportada, sinalando a opción que corresponda no formulario de solicitude.

6. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os documentos, que serán reclamados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

7. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha destas persoas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 97. Tramitación da expedición

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 98. Resolución da expedición

A resolución do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 26.

Artigo 99. Vixencia dos certificados

1. A vixencia dos certificados de capacitación inicial será coincidente co establecido na norma reguladora que a establece.

2. A vixencia das capacitacións obtidas por validación, segundo o disposto nos números 2 e 3 do artigo 96, será, con carácter xeral, a establecida no número 1 do artigo 101. Non obstante, prevalecerá o prazo fixado pola normativa do país de orixe cando este sexa inferior ao previsto con carácter xeral.

Artigo 100. Obriga de comunicar a disposición para desenvolver traballos baixo supervisión

Os establecementos onde se desenvolvan Traballos Baixo Supervisión que estean situados na Comunidade Autónoma de Galicia deberán comunicar a Agacal a súa dis-

posición para o desenvolvemento de Traballos Baixo Supervisión mediante a presentación do Anexo I relativo á comunicación sobre a disposición do centro para desenvolver Traballos Baixo Supervisión.

Sección 3ª Mantemento da capacitación

Artigo 101. Causas de mantemento da capacitación

O persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia deberá renovar a súa capacitación cada 8 anos transcorridos desde a capacitación inicial ou desde a súa última renovación, agás que a normativa estatal sinala outro prazo mediante a realización, durante o período de vixencia da capacitación, de actividades de formación continua para asegurar a mellora e posta ao día das habilidades e coñecementos inicialmente adquiridos.

As actividades de formación continua admitidas para manter a capacitación, estarán recollidas no Programa Formativo.

Artigo 102. Efectos da falta de mantemento da capacitación

O incumprimento da obriga de mantemento da capacitación, determinará a súa caducidade, e producirá como efecto a imposibilidade de seguir realizando a función correspondente e implicará a obriga de capacitarse novamente mediante a realización dos cursos de formación pertinentes e, de ser o caso, o Traballo baixo Supervisión.

Artigo 103. Requisitos

1. Os requisitos que sexan esixibles ao persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia para a renovación da capacitación nas diferentes funcións, son os establecidos na normativa de ámbito estatal que regula os requirimentos específicos. As actividades de formación continua admitidas para asegurar a mellora e posta ao día das habilidades e coñecementos adquiridos estarán recollidas no programa formativo sinalado no artigo 7.

2. Poderán solicitar o mantemento da capacitación na Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes persoas interesadas, agás que a normativa estatal que o regula estableza outras condicións:

- a) Persoas cuxa capacitación inicial fose emitida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Persoas cuxa capacitación inicial fose emitida por outra Comunidade Autónoma e se atopen traballando na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Persoas cuxa capacitación inicial fose emitida noutro Estado Membro da Unión Europea e se atopen traballando ou empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 104. *Solicitud de mantemento da capacitación inicial*

A presentación da solicitude realizarase conforme ao estipulado no artigo 23.

Artigo 105. *Prazos para a presentación da solicitude*

1. O prazo de presentación da solicitude de mantemento da capacitación inicial estará aberto todo o ano.

2. A solicitude de mantemento da capacitación deberá realizarse no período comprendido entre os doce meses anteriores á finalización do seu período de validez e a data na que se produza o fin da súa vixencia. No caso de capacitacións emitidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, a vixencia de oito anos comezará a contarse a partir das seguintes datas, sen prexuízo do sinalado no número 2 do artigo 99:

- a) Data da finalización do Traballo Baixo Supervisión, no caso das funcións "a", "b" e "c", previstas na letra b) do número 2 do artigo 5.
- b) Data de obtención do diploma do curso de formación, no caso das funcións "d", "e" e "f", , previstas na letra b) do número 2 do artigo 5.
- c) Data inicial de vixencia da anterior renovación no caso de que non se trate do primeiro mantemento da capacitación.

Artigo 106. *Comprobación de datos*

- 1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:
 - a) DNI/NIE da persoa solicitante.
 - b) DNI/NIE da persoa representante.
 - c) NIF da entidade representante.
 - d) Titulación universitaria da persoa solicitante.

- e) Vida laboral dos últimos 12 meses.
- 2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos. As titulacións oficiais achegadas, deberán ser auténticas.
- 3. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.
- 4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 107. *Documentación complementaria*

- 1. As persoas interesadas en obter o mantemento da capacitación deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:
 - a) Documento que acredite a capacitación de cada función que se solicite manter, no caso no que fose expedido noutra comunidade autónoma.
 - b) Documento que acredite a realización de actividades de formación continua.
 - c) De ser o caso, certificado de empadramento ou documento que acredite a súa residencia.

No caso de que a persoa interesada achegue a documentación por medios electrónicos deberá presentar o documento orixinal en formato electrónico ou copia auténtica electrónica dos documentos sinalados nas letras a) e b) do número 1.

No caso no que os documentos orixinais estivesen en formato papel, a persoa interesada deberá obter unha copia auténtica segundo os requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 39/2015.

Cando a documentación requirida neste artigo fose emitida por entes que non dispuxeran dun sistema de sinatura electrónica no momento da súa emisión, a entidade colaboradora deberá declarar responsablemente a veracidade da documentación aportada, sinalando a opción que corresponda no formulario de solicitude.

- d) Anexo II de Pluralidade de Persoas Solicitantes, no caso de que a solicitude sexa realizada en representación dunha pluralidade de persoas solicitantes.
- e) Xustificante do pagamento da taxa da solicitude (código 31.04.07.04).

2. De conformidade co artigo 28.3 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e perante que órgano administrativo presentou os documentos, que serán reclamados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante a consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 108. *Tramitación do procedemento*

A tramitación do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 25.

Artigo 109. *Resolución do procedemento*

A resolución do procedemento realizarase conforme ao estipulado no artigo 26.

Disposición adicional única. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición, poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para

todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria única. *Prazo para a inscrición das entidades colaboradoras xa recoñecidas no Rexistro de Entidades Colaboradoras*

As entidades colaboradoras inscritas en virtude da Orde do 17 de marzo de 2009 e do Decreto 60/2007, do 22 de marzo, que desexen manter a súa condición de entidade colaboradora disporán dun prazo dun ano, contado desde a entrada en vigor deste decreto, para solicitar a súa inscrición no Rexistro de Entidades Colaboradoras. No caso de non solicitar a inscrición as entidades colaboradoras causarán baixa automática no rexistro.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa*

Quedan derogadas as seguintes normas:

- a) Artigos 11.2 e 12 do Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria (DOG núm. ° 203, do 19 de outubro de 2000).
- b) A Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións, diplomas ou carnés oficiais por parte da Administración pública.
- c) Artigos do 5 ao 14, ambos incluídos da Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios.
- d) O Decreto 60/2007, do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, establécese o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas.
- e) Os artigos 26, 27, 28, 29, 30, 31 e 32 do Decreto 296/2008, do 30 de decembro, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, e polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación relativos á organización e impartición da formación do persoal dos centros.

Disposición derradeira primeira. *Habilitacións para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia agraria para ditar as disposicións que sexan precisas para desenvolver e executar este decreto dentro da organización e materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Habilitacións para ditar instrucións de aplicación*

Facúltase a persoa titular da Dirección de Agacal, para ditar as instrucións necesarias para a aplicación deste decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

María José Gómez Rodríguez

Conselleira do Medio Rural